Recordatorio de deberes legais para que o Concello de Cabana de Bergantiños na tramitación dos seus expedientes actúe dacordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 de la Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto, nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Expediente: N.9.Q/7784/21

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2021.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por Dª [redacted], referenta á falta de resposta de escritos presentados no Concello de Cabana de Bergantiños, dende setembro de 2020 relativos aos requerimentos efectuados para a limpeza das fincas colindantes á súa.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 18 de agosto de 2021, recíbese nesta institución escrito de queixa presentado por Dª [redacted], por falta de contestación a escritos presentados dende setembro de 2020 relativos aos requerimentos efectuados para a limpeza das fincas colindantes á súa.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello.

TERCEIRO.- Con data 9 de novembro de 2021, recíbese nesta institución informe remitido polo Concello de Cabana de Bergantiños , no que se fai constar o seguinte:

" Con data 24 de setembro de 2020 [redacted] presenta neste concello escrito no que expón que, tras requerimento desta administración, procediu á limpeza da parcela [redacted], que en

dita zona/polígono e en moitas outras desa parroquia, están as fincas sen limpiar, e solicita "requerimento de xestión de biomasa de todas las fincas de dicha zona, polígono, etc al igual que hemos procedido con la nuestra". Reitera esta solicitude o 26 de outubro do 2020 e o 21 de xaneiro de 2021.

O concello de Cabana de Bergantiños é un concello de menos de 5000 habitantes con recursos materiais e personais limitados. A tramitación dos expedientes relativos á lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia requieren non só de personal tramitador, se non tamén de personal que faga inspeccións e visitas de comprobación, sen o cal non se pode iniciar o expediente.

Conscientes da importancia da prevención de incendios e do estado de abandono no que a xente ten moitas propiedades, actualmente trabállase en colaboración con SEAGA para a xestión da biomasa nas redes secundarias. No que vai de ano remitíronse arredor de oitenta requerimentos por denuncias en distintas parroquias, e tense comunicado dende SEAGA:.

Por suposto, Seixoso- Cesullas non é a única zona a xestionar, dado que se conta con dez parroquias. Tras a comprobación de SEAGA, tramitaranse os correspondentes requerimentos dentro de todo o volume de traballo municipal. Moitas veces non son posibles respostas inmediatas.

En definitiva, dende o concello de Cabana de Bergantiños existe unha total implicación na prevención de incendios e trabállase cos limitados medios personais e materiais cos que se conta (como sen duda pasa nos restantes concellos). De forma progresiva intentaranse abordar todas as parroquias e atender o importante volume de denuncias, esperando que os propietarios se conciencien da necesidade de realizar voluntariamente a limpeza e mantemento das fincas, sen necesidade dunha actuación da administración que consume recursos.

O 4 de novembro púsoxe en coñecemento de [redacted] *que SEAGA comeza a inspección das franxas secundarias e que, á vista dos resultados, se continuará coa tramitación dos expedientes correspondentes*".

Tendo en conta que o escrito de queixa presentado pola Sra [redacted] denunciaba a falta de contestación a escritos presentados dende setembro de 2020 relativos aos requirmentos efectuados para a limpiea das fincas colindantes á súa cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- En primeiro lugar destacar que o marxo xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercizo dos dereitos dos ciudadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regla xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

SEGUNDA.- Si a persoa interesada utiliza o **dereito de petición ante o concello**, este ten a **obriga de acusar recibo** de cada petición que presente comunicándollo ao interesado dentro dos dez días seguintes á súa recepción.

No caso de que proceda a **declaración de inadmisibilidade do pedido**, tal decisión será **sempre motivada** e deberá acordarse e **notificarse ao peticionario** nos coarenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.

Si o concello considera que o **contido dalgún escrito presentado non atopa encaixe no dereito de petición** , entón a declaración de inadmisión da petición **deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo amparo deba substanciarse.** Nestes casos os escritos serán tramitados , en principio e con carácter xeral, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 972015).

Destacar tamén que cando o interesado presente **un escrito solicitando que se lle facilite unha determinada información municipal que obra nos arquivos ou rexistros do concello** , está exercendo o dereito contemplado no **artigo 13 d) da xa referida Lei 39/2015, así como nos artigos 12 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e nos artigos 207 e 231 do Reglamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986,de 28 de novembro.**

TERCEIRA.- En calquera caso a **Administración está obrigada a responder** ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle **unha resposta por escrito** que ademais sexa unha **reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma** adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo **con prontitude e sin demoras inxustificadas.**

Por todo o exposto e tendo en conta que o motivo da queixa presentada pola Sra. [redacted] é a falta de contestación aos escritos presentados dende setembro de 2020 relativos aos

requerimentos efectuados para a limpeza das fincas colindantes á súa e que o Concello de Cabanas de Bergantiños, non deu resposta ao solicitado pola reclamante, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, cómpre facer chegar a ese Concello de Cabana de Bergantiños o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámosle que na tramitación dos expedientes, e nesta caso en concreto, deberá actuar dacordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de octubre, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluirá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con

especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)